



**REVOLTA
GALEGA**

**CPI AS REVOLTAS
CABANA DE BERGANTIÑOS**

INTRODUCCIÓN

O nome do proxecto **Revolta Galega** nace dunha combinación de elementos:

Por unha banda, queriamos que estivera presente o noso centro, o **CPI As Revoltas** e, por outra, que representase o obxectivo principal desta iniciativa: lograr un **cambio** moi pronunciado, facer unha revolta na dirección do uso e coñecemento que o noso alumnado ten da lingua e da cultura galega. **Rebelarnos** contra a situación actual e futura do galego na comunidade educativa.

OBXECTIVOS

O proxecto **Revolta Galega**, que desenvolvemos no CPI As Revoltas, ten como obxectivos:

- Fomentar o **uso do galego** a través da arte, da tradición e das letras.
- Achegar a cultura galega ao alumnado mediante entrevistas e charlas con escritores/as e cantadores/as do país.
- Facer encontros literarios e musicais con persoeiros/as de Galicia.
- Coñecer e valorar a importancia do papel da muller no panorama social e cultural.
- Achegar a cultura popular á escola realizando romarías con música e xogos tradicionais.
- Fomentar o uso do galego na ciencia con referentes como Ángel Carracedo.
- Coñecer e valorar o patrimonio inmaterial como as regueifas ou cantigas.
- Empregar a radio e a música como medios de expresión da nosa lingua.
- Coñecer as obras galegas e fomentar a lectura en galego a través de Clubs de lectura.
- Facer versións de obras musicais en lingua galega.

DESTINATARIOS

As persoas destinatarias deste proxecto son principalmente os alumnos/as de todas as etapas (Infantil, Primaria e Secundaria) do centro. Pero todos os membros da comunidade educativa somos beneficiarios ou parte activa do mesmo.

TEMPORALIZACIÓN

Este proxecto xorde como iniciativa no Equipo de Dinamización da Lingua Galega no curso 2022-2023 co fin de impulsar a lingua galega no noso alumnado a través da música, das letras e da tradición. Polo que levamos con el 5 cursos.

NECESIDADES E RECURSOS

Revolta Galega nace a partir dunha necesidade clara: a de non perder o uso da nosa lingua e a de coñecer a nosa cultura. Fomentar que as novas xeracións empreguen o galego como primeira lingua en distintos ámbitos: educativos, lúdicos, científicos, culturais...

- Recursos humanos:
 - Equipo de Dinamización da Lingua Galega.
 - Equipo de biblioteca.
 - Persoeiros que acoden ao noso centro para dar charlas, entrevistas e empapar ao noso alumnado da cultura galega.
 - Familias como os avós e avoas que comparten a tradición con todos nós.

- Recursos materias:
 - Libros para os clubs de lectura.
 - Radio escolar do centro.
 - Materiais para xogos populares.
 - Instrumentos da cultura galega.

ACCIÓNS, MEDIDAS E ACTUACIÓNS CONCRETAS

A continuación amosamos as actividades que realizamos nestes cinco cursos con ligazóns ao blog e á páxina web do centro.

➤ ROMARÍA DAS LETRAS

Xa imos coa cuarta edición da Romaría das Letras. Unha xornada que celebramos arredor do 17 de maio co fin de desfrutar dun día de convivencia no centro onde mesturamos música galega, lingua e tradición.



Nas seguintes ligazóns pódese ver un resumo de cada unha das catro romarías celebradas e o traballo polo Día das Letras Galegas. Para cada unha delas, fixemos unha versión dunha canción galega.

[Romaría das Letras 2022](#)

[Romaría das Letras 2023](#)

[Romaría das Letras 2024](#)

[Romaría das Letras 2025](#)

➤ ENCONTROS CON PERSOEIROS DA MÚSICA

- Encontro con Xabier Díaz

O 13 de abril de 2023 o artista Xabier Díaz visitou o colexio para ter un encontro con todo o alumnado do centro. Elaborouse unha adaptación de “O salón das cereixas” cunha letra adaptada para a nosa romaría na que celebramos o Día das Letras Galegas e tamén o 50 Aniversario do noso colexio, e está interpretada por alumnado e profesorado do noso centro.

Xabier Díaz



- Encontro con Guadi Galego

Guadi é un referente de como se pode ter aprecio, formación e coñecemento da nosa cultura, do que nos identifica como galegos e, ao mesmo tempo, absorber músicas doutros lugares e conseguir combinalas. O 18 de marzo de 2025 visitou o CPI As Revoltas para ter un encontro coa rapazada do colexio. Recibíamola no salón de actos, tocou e cantou “Matriarcas”, estivo de charla con todos nós e foi entrevistada na nosa emisora de radio Ondas Revoltas.

[Guadi Galego](#)



- Entrevista con Teresa dos Cucos

Bergantiños é berce da cultura popular oral. Por iso, tiñamos claro que queriamos entrevistar a unha muller coñecedora da poesía popular oral. E quen mellor que Teresa Reigía Pose, máis coñecida por **Teresa dos Cucos**.

Esta cantadora, veciña de Malpica de Bergantiños, estivo ligada ao canto desde pequena, cando ía coa nai á agra, e aprendeu tantas e tantas cancións do folclore galego.

Desenvolveuse no contexto das **foliadas e fiadas**. Conta cun patrimonio inmaterial incalculable. Ademais, Teresa foi testemuña de como tocaban as **pandereteiras de Mens**, homenaxeadas no ano 2025 polo Día das Letras Galegas.

[Teresa dos Cucos](#)



- **Visita de Pancho Álvarez**

Recibimos nas Revoltas a Pancho Álvarez, un dos músicos folk máis importantes de Galicia.



➤ **ENCONTROS CON PERSOEIROS DAS LETRAS**

- Visita de **María Canosa**.

María Canosa



- Visita de **Paula Carballeira**.

Paula Carballeira



- Encontro con Fina Casalderrey

A escritora deixou unha pegada en nós difícil de esquecer.

Fina Casalderrey



- Encontro con Adrián Gómez Ramos

Recibimos no colexio a visita do escritor Adrián Gómez Ramos. Con el conversamos sobre a súa obra, sobre literatura e certames literarios e tamén sobre un montón de temas moi interesantes coma a licantropía, a diversidade afectiva, series...

Adrián Gómez



- Visita de Antía Yáñez

Recibimos no colexio a visita da escritora Antía Yáñez. A autora tivo un encontro co alumnado de 3º, 4º, 5º, 6º de Primaria e 1º ESO para falarlles sobre o oficio de escribir e sobre a súa obra, especialmente sobre o libro *O misterio de Portomarín*.



➤ ENCONTROS CON PERSOEIROS DAS CIENCIAS

- Visita do Doutor Ángel Carracedo

Aínda non somos conscientes realmente da sorte que tivemos de recibir este curso 2025-2026 no colexio ao Doutor Ángel Carracedo, o científico galego con maior proxección mundial.

Ángel Carracedo



➤ COMPOSICIÓN DE CANCIÓNS INÉDITAS EN GALEGO

Para conmemorar O 25N, e en relación ao PDI do centro, “Os océanos”, compúxose unha canción con vocabulario sobre o mar, a modo de metáfora con momentos que pasa unha muller maltratada.

[Mar de Fondo](#)



➤ MÁIS VERSIÓNS REVOLTOSAS DE CANCIÓNS EN GALEGO

- [Día da paz](#)

[Se puidese... \(2024\)](#)



P-A-Z (2025)



- Nadal

Nas Revoltas é Nadal (2025)



- Visita de Ángel Carracedo

A vida é fermosa



- Graduacións

En Primaria (Graduación 6º EP 2025)



Coplas de Estrelas (Graduación 6º EI 2025)



➤ **A REGUEIFA**

Na comarca de Bergantiños somos ricos no patrimonio inmaterial. Achegamos a cultura popular ao alumnado a través das coplas e regueifas.

[Enreguéifate \(2025\)](#)



[Regueifando contra a Violencia Machista](#)



➤ TEATRO LIDO EN GALEGO

Iniciamos ao alumnado na lectura oral interpretativa de adaptacións de obras en galego. E mesmo se animaron varios grupos de Secundaria a crear os seus propios textos.

[Certame do Teatro Lido \(Fiot 2024\)](#)



[Certame do Teatro Lido \(Fiot 2025\)](#)



➤ CANDO O ALUMNADO SE CONVERTE EN AUTOR

Para o alumnado do CPI As Revoltas, este Día do Libro (2024) cobrou un significado especialmente creativo. Neste proxecto logrouse unir o traballo do alumnado, desde os máis pequenos de Educación Infantil ata os maiores de Educación Primaria, xuntos crearon un libro feito por eles mesmos.

Comezando polo alumnado de infantil, cada clase contribuíu ao libro engadindo a súa propia peza á historia, cada grupo ía collendo a responsabilidade de enriquecer o libro con novas historias, personaxes e demais. E así ata chegar ao alumnado de sexto, os cales tiveron a honra de poñer o punto e final a esta obra colectiva.

Día do Libro 2024



➤ ONDAS REVOLTAS

A radio é unha gran protagonista no noso colexio para dinamizar a nosa lingua.

Para celebrar o Samaín o alumnado do centro grava contos terroríficos na radio, sempre relacionados co PDI do Centro e tratando de relacionalos coa nosa contorna.

Samaín 2022



Samaín 2023



Samaín 2024




Samaín 2025



Para conmemorar o 8M, cunha pequena homenaxe a 14 mulleres galegas que fixeron historia: desde María Pita ata Sofía Casanova, pasando por Ángeles Alvariño ou Helena Villar.


8M 2024



 Para conmemorar o Día das Escritoras.


Día das Escritoras 2025




 Para conmemorar o Ano Castelao.

Ano Castelao



 20 anos do Prestige.

Prestige



➤ CANTOS DE REIS

O alumnado de Infantil recuperou unha tradición do Nadal no rural: a de ir interpretando pezas populares a cambio dun aguinaldo. Así, percorren, por estas datas, os corredores e aulas do colexio cantando e agardando a recibir os seus doces.

Nadal 2024



➤ CLUBS DE LECTURA

Co fin de mellorar na competencia literaria a través de obras galegas creáronse distintos clubs de lectura en Primaria, Secundaria, do profesorado e tamén de familias.



➤ CALENDARIO COA CULTURA GALEGA PRESENTE

Cada ano todo o alumnado do centro colabora na confección do calendario anual. Debuxos, textos e pódcast enchen de cultura os nosos calendarios. Cada familia da nosa comunidade educativa recibe un calendario impreso.

Calendario 2022



Calendario 2023




Calendario 2024



Calendario 2025



Calendario 2026



➤ O PAPEL DA MULLER

Día de Rosalia



25N



➤ EXPOSICIÓN E CARTEIS DE BIBLIOTECA

A Biblioteca do CPI As Revoltas, en colaboración co EDLG, é o punto de partida da meirande parte das actividades que se levan a cabo no centro. Mostra diso son as seguintes imaxes de carteis e exposicións que se fixeron na mesma ao longo destes anos.



➤ PARTICIPACIÓN EN CONCURSOS DE CONTOS EN GALEGO

Contos de Nadal



➤ UNHA REVOLTA AO PASADO

Nun mundo cada vez máis acelerado e dixital, a miúdo esquecemos as historias que foron dando forma ás nosas vidas e ás nosas familias. **UNHA REVOLTA AO PASADO** é unha ponte entre xeracións, unha viaxe emotiva que nos levará a través do tempo para redescubrir as raíces que nos sosteñen. Aquí, netos e netas sentan cos seus avós e avoas para escoitar e documentar relatos dun pasado que, aínda que distante, segue vivo na memoria dos que o viviron.

Unha Revolta ao Pasado



“Son de Cabana, de corazón...”

AVALIACIÓN

En cada reunión do EDLG facemos un seguimento do proxecto. Analizamos as necesidades que van xurdindo e valoramos o impacto que vai tendo no noso alumnado.

Avaliamos a través dunha posta en común:

- As actitudes lingüísticas cara o galego.
- A espontaneidade de empregar a lingua galega en distintos ámbitos (lúdico, académico, cultural...) do centro.
- O incremento do coñecemento da cultura galega no noso alumnado.
- A mellora da comunicación en galego: vocabulario e expresións novas.
- O disfrute de tempo de lecer con recursos propios da cultura e lingua galega: lectura de libros de escritores galegos, xogos populares , cancións en galego...
- A valoración que fai o noso alumnado de tradicións que coñecen a través dos seus avós e avoas.

A valoración que facemos a día de hoxe do proxecto é moi satisfactoria.

O noso alumnado disfruta lendo grandes obras da literatura galega como *Memorias dun neno labrego* ou *A Lingua das bolboretas*. Pero tamén obras de escritores emerxentes. Coñecen a obra e vida , e incluso lle poñen cara a escritoras actuais como Fina Casalderrey , María Canosa ou Antía Yañez coas que puideron conversar. Valoran a lingua galega como medio de expresión no ámbito científico grazas a Ángel Carracedo, ao que puideron entrevistar. Saben regueifar e tamén facer teatro en galego. Valoran a artistas galegos como Xabier Díaz ou Guadi Galego, pero tamén a cantareiras do medio rural como Teresa dos Cucos, as cales fixeron tanto pola cultura popular.

A nosa proposta, en resumo, é apostar pola nosa identidade. Alterar o presente e o futuro da nosa lingua a través dunha ...